

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 17 DE AGOSTO DO 2023.

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA FURONES RAMOS JUAN LUIS ABRALDES PEREZ FERNANDO SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SIEIRA RIOS MARIA Membros que non asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Dezasete de Agosto do Dous mil vinte e tres, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202308/115

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/08/2023. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA EL "SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE UN SISTEMA DE ILUMINACIÓN EN EL AUDITORIO DE RIBEIRA PARA LA MODERNIZACIÓN DE LAS INFRAESTRUCTURAS DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y MUSICALES, FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU""

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202308/119

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/08/2023. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA EL "SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE UN SISTEMA DE PRODUCCIÓN, GRABACIÓN Y EMISIÓN DE EVENTOS EN EL AUDITORIO DE RIBEIRA PARA LA MODERNIZACIÓN DE LAS INFRAESTRUCTURAS DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y MUSICALES, FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU""



3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202308/170

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/08/2023. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS "CONSTRUCCIÓN DE ASEOS PARA PÚBLICO E CANTINA NO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL A FIEITEIRA""

4.- SOLICITUDE PRORROGA DESPACHO VIVEIRO DE EMPRESAS (INICIO 01/09/2020)

SOLICITANTE: TANIA RODRIGUEZ CADILLO

EMPRESA: CENTRO TECNOLÓXICO DO BARBANZA, S.C.G., (data de entrada no Viveiro de Empresas 01/09/2020)

Vista a solicitude presentada por Tania Rodriguez Cadillo, que tivo entrada no Concello de Ribeira o 30/06/2023, con número de entrada 16.030, en representación do Centro Tecnolóxico do Barbanza, Sociedade Cooperativa Galega, no que **expón** que *"Que dende o 1 de setembro de 2020 o Centro Tecnolóxico do Barbanza, S. Coop. Galega, ocupa un espazo no Viveiro de Empresas do Concello de Ribeira (despacho nº 9). Nos seus inicios a cooperativa estaba formada por 4 membros, pero outubro 2022 cursou baixa unha persoa e en xaneiro 2023 outra, polo cal dende entón e ata a actualidade a cooperativa está formada por 2 persoas. Esta circunstancia fixo que tiveramos que reformular moitas cuestións e que continuemos necesitando apoio para asegurar a supervivencia da empresa. Dado que en 31 de agosto 2023 remata o tempo de cesión do espazo concedido no Viveiro de Empresas e tal e co o se recolle no artigo 11.2 da ordenanza reguladora do Viveiro "...co fin de apoiar aquelas empresas que necesiten algún tempo máis para a consolidación do seu negocio, excepcional e xustificadamente, poderá incrementarse este prazo, ata un máximo dun ano máis, previa solicitude e fundamentación do interesado..." e no que solicita "A prórroga do período de estancia no Viveiro por un ano máis como medida excepcional para favorecer a consolidación da empresa tendo en conta as circunstancias motivadas no apartado anterior e o feito de q e no Viveiro de Empresas quedan aínda 5 despachos sen ocupación."*

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira de data do 04/08/2022 no que se acorda *"Prorrogar a cesión do espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira á cooperativa "Centro tecnolóxico do Barbanza, Sociedade Cooperativa galega", por un prazo de 12 meses a contar dende o 1 de setembro de 2022. A cesión do espazo rematará o 31/08/2023."*

Visto o Informe da Técnico de desenvolvemento local do Concello de Ribeira de data 14/08/2023, no que informa que **"Primeiro.- Que o artigo 11.- "Duración do contrato", da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, recolle que: "1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.**

2. Non obstante ao disposto no apartado anterior, e co fin de apoiar aquelas empresas que necesiten algún tempo máis para a consolidación do seu negocio, excepcional e xustificadamente, poderá incrementarse este prazo, ata un máximo dun ano máis, previa solicitude e fundamentación do interesado. Esta será estudada polo órgano competente que



será quen determine a necesidade de ampliación temporal da estancia no Viveiro, mediante resolución motivada. (...)

Segundo.- Que a cooperativa “Centro tecnolóxico do Barbanza, Sociedade Cooperativa Galega” leva no Viveiro de empresas 3 anos e polo exposto no punto anterior poderíase conceder outra prórroga dun ano máis para prestarlles o apoio necesario para a consolidación do seu negocio

Terceiro.- Que neste momento hai despachos vacantes no Viveiro de Empresas.

Polo exposto anteriormente, e vista a proposta da Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo, Genoveva Betanzos Fernández, de data 16/08/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Prorrogar a cesión do espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira á cooperativa “Centro Tecnolóxico do Barbanza, Sociedade Cooperativa Galega”, por un prazo de 12 meses a contar dende o 1 de setembro de 2023. A cesión do espazo rematará o 31/08/2024.

5.- PATRICIA PORRÚA MONTERROSO - CENTRO PSICOLOXICO "PSICO - BALANCE - solicitude de prorroga no Viveiro de empresas

SOLICITANTE: PATRICIA PORRÚA MONTERROSO

EMPRESA: CENTRO DE PSICOLOXÍA SANITARIA “PSICO - BALANCE”, (data de entrada no Viveiro de Empresas 01/09/2021)

Vista a solicitude presentada por Patricia Porrúa Monterroso, que tivo entrada no Concello de Ribeira o 30/06/2023, con número de entrada 16.058, no que solicita: *“CON FECHA DE 30 DE JUNIO DE 2023, PRESENTO SOLICITUD PARA PRORROGAR POR UN AÑO LA ESTANCIA EN LA OFICINA Nº7 DEL VIVEIRO DE EMPRESAS DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA, CONFORME A LO ESTABLECIDO EN LAS BASES DEL ACUERDO.”*

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira de data do 26/08/2021 no que se acorda **“Primeiro.- Ceder un espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira á Patricia Porrúa Monterroso, para poñer en funcionamento a súa empresa “Psico – Balance”. A posta en funcionamento da empresa terá que xustificala no prazo dun mes dende a adxudicación do espazo no viveiro de empresas. Neste espazo poderá levar a cabo a súa actividade durante un período de 2 anos (...)**”

Visto o contrato asinado con Patricia Porrúa Monterroso de data 30/08/2021 no que se recolle na estipulación terceira que *“A duración do presente contrato de cesión establécese por un período de 2 anos a contar desde o día 01/09/2021”*.

Visto o Informe da Técnico de desenvolvemento local do Concello de Ribeira de data 14/08/2023, no que informa que **“Primeiro.- Que o punto 1 do artigo 11.- “Duración do contrato”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, no que se recolle que: “1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.” Segundo.- que neste momento hai despachos vacantes no Viveiro de Empresas, polo cal se lle podería prorrogar o**



contrato de cesión do despacho nº 7 a Patricia Porrúa Monterroso por un prazo de 12 meses a contar dende o 1 de setembro de 2023.”

Polo exposto anteriormente, e vista a proposta da Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo, Genoveva Betanzos Fernández, de data 14/08/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Prorrogar a cesión do espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira á Patricia Porrúa Monterroso, por un prazo de 12 meses a contar dende o 1 de setembro de 2023. A cesión do espazo rematará o 31/08/2024.

6.- RODRIGO ALVAREZ ALAMO - SOLICITUDE PRORROGA NO VIVEIRO DE EMPRESAS

SOLICITANTE: RODRIGO ÁLVAREZ ÁLAMO

EMPRESA: SERVICIO DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA “RODRIGO ÁLVAREZ ÁLAMO”, (data de entrada no Viveiro de Empresas 16/10/2021)

Vista a solicitude presentada por Rodrigo Álvarez Álamo, que tivo entrada no Concello de Ribeira o 18/07/2023, con número de entrada 17.346, no que **EXPÓN**: “*Que estando D. Rodrigo A. A. en posesión de la cesión de un despacho en el viveiro de empresas propiedad del Concello de Ribeira situado en lugar de Aldea Fafián nº29 de Ribeira. Que como figura en el contrato de cesión disposición tercera: “A duración do presente contrato de cesión establécese por un período de 2 anos a contar desde o día 16/10/2021 [...] este contrato poderá ser prorrogado tal como establece o artigo 17 do Regulamento de Réxime Interno do Viveiro de Empresas [...] por un ano mais de existir vacantes.”*

Que como figura en la Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresas de Ribeira en el título II, artículo 11: “O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1ano máis no caso de que haxa vacantes)”, e no que SOLICITA: “La prórroga del contrato de cesión del despacho número 10 del viveiro de empresas del Concello de Ribeira en virtud de lo estipulado en el contrato de cesión de despacho en el viveiro de empresas propiedad del Concello de Ribeira.”

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira de data do 23/09/2021 no que se acorda “**Primeiro.-** Ceder un espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira a Rodrigo Álvarez Álamo, para poñer en funcionamento a súa empresa “SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA – RODRIGO ÁLVAREZ ÁLAMO”. A posta en funcionamento da empresa terá que xustificala no prazo dun mes dende a adxudicación do espazo no viveiro de empresas. Neste espazo poderá levar a cabo a súa actividade durante un período de 2 anos a contar dende a data que recolla o contrato de cesión)”

Visto o contrato asinado con Rodrigo Álvarez Álamo de data 14/10/2021 no que se recolle na estipulación terceira que “*A duración do presente contrato de cesión establécese por un período de 2 anos a contar desde o día 16/10/2021”.*

Visto o Informe da Técnico de desenvolvemento local do Concello de Ribeira de data 14/08/2023, no que informa que “**Primeiro.-** *Que o punto 1 do artigo 11.- “Duración do contrato”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, no que se recolle que: “1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen*



dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.” Segundo.- que neste momento hai despachos vacantes no Viveiro de Empresas, polo cal se lle podería prorrogar o contrato de cesión do despacho nº 10 a Rodrigo Álvarez Álamo por un prazo de 12 meses a contar dende o 16 de outubro de 2023.”

Polo exposto anteriormente, e vista a proposta da Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo, Genoveva Betanzos Fernández, de data 14/08/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Prorrogar a cesión do espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira á Rodrigo Álvarez Álamo, por un prazo de 12 meses a contar dende o 16 de outubro de 2023. A cesión do espazo rematará o 15/10/2024.

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Daniel Davila Martínez

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 11/08/2023 (Registro de entrada nº 18.737), no que solicita autorización para a instalación dun posto (3,00 m.) de venda ambulante (Rosquillas), os días 17 a 20/08/2023, na Avenida do Malecón, enfronte do establecemento “Xoiería Nespereira”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto (3,00 m.) de venda ambulante (Rosquillas), os días 17 a 20/08/2023, na Avenida do Malecón, enfronte do establecemento “Xoiería Nespereira”.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 09.08.2023:

16806 11.07.2023 PURA MUÑÍZ GARCÍA, pintado de fachada en rúa Rosalía de Castro, 2, B-3, Ribeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 11.08.2023:

16003 30.06.2023 EVA MARÍA SUÁREZ SUÁREZ, remodelación de unha vivenda unifamiliar existente, no lugar de Areeiros, Castiñeiras.



9.- LICENZA MUNICIPAL PARA REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR. PROMOTOR: FRANCISCO ROMAY SIEIRA. LUGAR: RÚA BUENOS AIRES, Nº 130, CORRUBEDO, RIBEIRA

VISTA a **solicitude** de licenza urbanística de obra maior para **REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR**, na rúa **BUENOS AIRES, Nº 130, CORRUBEDO**, da que é promotor **FRANCISCO ROMAY SIEIRA**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de **día 11 de xullo de 2023**, o **informe do técnico de administración xeral** de data **12 de xullo de 2023** e o **informe do secretario xeral** da Corporación de data **2 de agosto de 2023**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- **CONCEDER** a **D. Francisco Romay Sieira LICENZA DE OBRAS (Nº 31/26)** para **REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita na Rúa Buenos Aires nº 130, Corrubedo, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A902017080001IZ, nos termos do Proxecto técnico visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de A Coruña o día 27 de xuño de 2023 redactado polo Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez, (arquitecto técnico col. nº 2.633).

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*



- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás



condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

10.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE ASCENSOR E RETIRADA DE FIBROCEMENTO EN EDIFICACIÓN EXISTENTE. LUGAR: RÚA TORREIRO, Nº 3, CORRUBEDO, RIBEIRA. PROMOTOR: FRANCISCO JAVIER ILLESCAS FERNÁNDEZ-BERMEJO

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DE ASCENSOR E RETIRADA DE FIBROCEMENTO EN EDIFICACIÓN EXISTENTE**, no lugar de Rúa Torreiro, nº 3, Corrubedo, Ribeira, da que é promotor **FRANCISCO JAVIER ILLESCAS FERNÁNDEZ-BERMEJO**

VISTO o informe emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable o día **12 de xullo de 2023**

VISTO o informe emitido polo **arquitecto técnico** municipal o día **20 de xullo de 2023** en relación en relación á **fianza** para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en de **1.325,82 €**, así como en relación á valoración do orzamento de execución material de **44.081,86 €**.

VISTO o informe emitido polo **técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo** de data **21 de xullo de 2023** e

VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **26 de xullo de 2023**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D. Francisco Javier Illescas Fernández – Bermejo** LICENZA DE OBRAS (Nº 32/23) para CONSTRUCCIÓN DE ASCENSOR e RETIRADA DE **FIBROCEMENTO** en edificación existente sita na Rúa Torreiro nº 3, Corrubedo, Ribeira, en parcela con refª catatral nº 4135401MH9143N0001HZ, nos termos do Proxecto Básico e de Execución de maio de 2023 redactado polo Sr. José Carlos Seoane González, (arquitecto col. nº 1.532):

*-Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 1.325,82 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe da arquitecto técnico municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.*

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de



expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira.



Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO:-NOTIFICAR o presente acordo ó interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos.

11.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Sonia Rodríguez Sanlés

Visto o escrito presentado por **Sonia Rodríguez Sanlés**, de data 10/08/2023 (Rexistro de entrada nº 18.686), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A821010300000ZT.



Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 14/08/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202318686 do día 10 de agosto de 2023.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A821010300000ZT, no seu plano 6.2. de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Carreira), a escala E:1/2000 como solo urbano, Ordenanza 6.2, Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 6.2. Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano pouco densificadas dos núcleos urbanos apoiándose sobre a rede viaria tradicional, nas que se localizan vivendas colectivas acaroadas a medianeiras existentes, pareadas ou illadas con xardíns na parte das súas parcelas non edificadas.

1.1.- Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2.- Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda colectiva



Usos admisibles: só se admitirán ademais do uso característico, os terciarios que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, isto é, só se admitirán as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.

1.3. Tipoloxías edificatorias

Vivenda colectiva acaroada a medianeiras existentes, pareada e en fileira, que deberán xustificar as súas condicións tipolóxicas para garantir a integración das novas edificacións cas preexistentes.

Esta xustificación será extensible ás condicións xeométricas, da edificación, en coherencia cas condicións xerais de parcela.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 200 m²

Fronte mínimo: Será de 10 m. podéndose autorizar a edificación en parcelas con fronte menor 8 m. no caso de vivendas acaroadas a medianeiras existentes ou pareadas.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros, podéndose acaroar con un dos colindantes previo acordo por escrito das partes e obrigándose a acaroar no caso de existir unha edificación con medianeira existente sobre dicha parcela; no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínimo de 8 metros, nin as demais condicións de edificación.

2.3. Condiciones de volume

Edificabilidade: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Se permite a planta soto, con ocupación de toda a parcela para aparcamentos e servizos.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coroación: será de 4,00 metros sobre o último forxado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que a 6.1.

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 metros. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non podendo pecharse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie.

A dimensión dos voos serán as definidas nas condicións xerais de edificación e a unha altura de 3,5 metros.



Balcóns: Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, será obrigatoriamente de planta baixa e unha altura máxima de 3 metros, non superando en ningún caso os 30 m² de superficie. Sempre que superen os 15 m², no poderán autorizarse, sen a existencia de edificación principal.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de cornisas e aleiros será de 0,40 metros.

Cubertas, materiais: As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando en cualquier caso coma material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboledas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Se adoptarán solucións tipolóxicas propias do entorno. Se prohiben os muros de bloques sen revestir e pintar. Na carpintería exterior do edificio poderase empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela. Comprende esta Ordenanza as zonas de solo urbano que presentan un desenvolvemento de carácter lineal apoiadas na rede viaria e que son utilizadas con fins residenciais colectivos. Perséguese completar a edificación existente ca tipoloxía mais usual neste tipo de implantacións, edificacións entre medianeiras tendendo a crear un ambiente mais urbano. Trátase dunha vivenda colectiva ca planta baixa destinada fundamentalmente á implantación de usos terciarios estando as restantes destinadas a vivenda.

A continuación inclúese un cadro de cumprimento da normativa indicada no PXOM para esta clasificación de solo e o seu grado de cumprimento neste parcela

Parámetro	PXOM	Proxecto	Observacións
Parcela Mínima	200,00 m ²	538,00 m ² > 200,00 m ²	CUMPRE
Fronte mínimo	10,00 m	> 10,00 m	CUMPRE
Condicións de ocupación	A posición da edificación ficará recuada respecto dos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros. Podéndose acaroar a un lindeiro previo acordo por escrito das partes, e		Deberá axustarse a posición da posible edificación a estas condicións



	obrigándose a acaroar no caso de existir unha edificación con medianeiras existentes sobre dita parcela.		
Ocupación Máxima	50%		Deberá axustarse a ocupación da posible edificación a estas condicións
Edificabilidade	1,25 m ² /m ²		Deberá axustarse a superficie construída computable da posible edificación a estas condicións
Altura da edificación	B+1 + BC		Deberá axustarse a altura da posible edificación a estas condicións
Altura Máxima	6,50 m		Deberá axustarse a altura da posible edificación a estas condicións
Altura de Coroación	4,00 m		Deberá axustarse a altura da posible edificación a estas condicións
Peches de parcela	Só se permitirá o peche con elementos opacos de bo acabado, ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,0 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega poderá chegar aos 1,5 metros de altura máxima.		Deberán axustarse as condicións dos posibles peches a estas condicións
Balcóns	Nos corpos voados non se autorizan sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm.		Deberá axustarse a posible edificación a estas condicións
Corpos voados	Autorízanse como elementos engadidos ao principal, tales coma galerías ou miradoiros, non podendo pecharse en mais do 50% da súa superficie con elementos opacos.		Deberá axustarse a posible edificación a estas condicións
Construcións auxiliares	Autorízase unha construción auxiliar por parcela, será obrigatoria en planta baixa e unha altura máxima de 3,0 metros, non superando, en ningún caso os 30 m ² de superficie. Sempre que superen os 15 m ² de superficie, non poderán autorizarse sen a		Deberá axustarse a posible edificación a estas condicións



	edificación principal.		
Cornisas e aleiros	A dimensión máxima de saínte será de 0,40 m		Deberá axustarse a posible edificación a estas condicións
Cubertas, materiais	As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas.		Deberá axustarse a posible edificación a estas condicións

Afeccións Sectoriais:

A parcela non presenta afeccións sectoriais.

5. CONCLUSIÓN

Por todo o exposto a parcela é edificable, cumprindo cas condicións esixibles pola normativa urbanística vixente.

12.- CORRECCIÓN DE ERROS NA NOMECLATURA DO CLUB ATLETISMO STA UXÍA, NA PROPOSTA DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS CORRESPONDENTES AO EJERCICIO 2022.

Visto o informe con proposta de resolución presentado polo Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 10/08/2022, no que sinala:

“

